



Bós Aires, 24 de setembre de 1963

Consello de Galiza

Siñor
César Alvajar,
PARIS

O. 9 Detulre

Distinto irmán:

Recibimos a súa moi atenta do 19 do mes derradeiro, e dámonos por enterados de canto n-ela nos dí. Ollamos pola mesma, que non disfrutou polo de entón de compreta saúde. Nos causará unha grande ledicia saber que, ao recibo distas liñas, s'atopará ben, i-o mesmo o seu fillo. En canto a iso da vellez, non val a pena falar de tal cousa, nin nos decatamos que poida ser vello quen ainda ten os pulos espritoales que vostede amostra cando de Galiza se trata, cando están en xogo as libertades da nosa Terra.

Folga decirlle que lle quedamos moi agradescidos polos seus informes, que non teñen desperdicio, e que nos complace a súa aición respeito do comunicado diste Consello ás Naciones Unidas i-a súa inquedanza respeito do caso David Alvarez.


Encol do seu nomeamento para formar parte do Consello Nacional de Aición Republicana Democrática Española, na dirección do xornal "República", felicitámolo e lle mandamos a nosa fraderna voz d'aleto, desexando que a saúde lle permita empregarse co entusiasmo, acerto e capacidade de costume, para bén da nosa Patria e do noso povo.

En canto se refire ás "Estampas" do mestre Castelao i-o libro de Antón Alonso Ríos para o profesor Llopis, xa lle informéi na miña derradeira carta que lle foron enviados directamente ao nomeado compatriota, polas razóns que na dita carta lle eispresaba.

Efeitivamente, ao respeito do descacholado pran de Franco "Polo de desenrollo do noroeste", xa finóu denantes de nacer, o que nos complace sobor maneira.

Sobor da saúde de Suárez Picallo, foi, como xa será do seu coñecemento, operado da vista no sanatorio do Centro Galego de Bós Aires. Está ben, mais se require tempo para compretar a cura. Espritoalmente, il está como estivo sempre: ergeito.

(á volta)



Ed. en abr. 1982, número 42, serie 808

Xuntamente con ista, remitímoslle xiro por catrocentos francos, que non é moito por certo, pero xa trataremos de repetilo.

Tamén enviámoslle varios exemplares do segundo número do "Boletín Informativo", que vostede espallará como lle parezca, e a quen corresponda.

Sin máis que decirlle e facendo votos para que a súa saúde sexa o máis completa posibel i-a nosa Patria se vexa moi axiña ceibe das cadeas que a aferrollan, reciba o testemuño da nosa meirande estima.



Polo CONSELLO DE GALIZA:

Floriano
Antón ALONSO PEREZ
Segredario de Coordinación

(stfar 8)